

## A peripecia vital de Luís Seoane en relación ao seu pensamento e á súa obra

**Xosé Díaz**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

DÍAZ, XOSÉ (2011 [1994]). “A peripecia vital de Luís Seoane en relación ao seu pensamento e á súa obra”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 1, 18-19. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/577>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

DÍAZ, XOSÉ (1994). “A peripecia vital de Luís Seoane en relación ao seu pensamento e á súa obra”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 1, 18-19.

\* Edición dispoñíbel desde o 15 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

1994: Ano de Luís Seoane

## A PERIPECIA VITAL DE LUÍS SEOANE EN RELACIÓN AO SEU PENSAMENTO E Á SÚA OBRA

Xosé Díaz

Dicía Picasso que «o importante non é o que o artista faga, senón o que o artista é», e engadía «Cézanne non me interesaría nada de ter vivido e pensado coma Jacques-Emile Blanchard (pintor e escritor mediocre francés pouco estimado pola intelectualidade francesa)». Vén a conto esta cita porque ao aborda-la figura de Seoane non podemos deixar de enfrontármolos a estas dúas facetas súas: a humana e a creativa, ámbalas dúas inseparables e dificilmente definibles. Se a inxente e intelixente obra de Seoane representa un fito fundamental da cultura galega do século XX, a súa vida, o seu comportamento fronte á terra que o formou e o tempo que lle tocou vivir, non o é menos, e olladas coa distancia que dá o tempo, representa un exemplo único de conducta e un descomunal esforzo por situar-la cultura galega no seu tempo real e coa dignidade necesaria para poder ser valorada mundialmente.

Luís Seoane nacera en 1910 nun fogar de emigrantes galegos en Bos Aires. Os seus pais, don Luís Seoane

Brocos e dona María López Mosquera, procedían dunha bisbarra de Arzúa, próxima a Santiago de Compostela. Nese fogar da emigración, no que viviu ata os seis anos de idade, o pequeno Luís Seoane deu os seus primeiros pasos e escoitou por primeira vez falar daquela terra lonxana, da que os seus pais e os amigos dos seus pais falaban nas súas conversas, xuntanzas e festas. Alí, sendo un nenfño, empezou a imaxinar e a amar a aquela terra chamada Galicia, que anos despois plasmaría rotundamente na totalidade da súa obra.

Cando regresa a Galicia en 1916, o pequeno vive catro anos na Coruña, á beira da Torre de Hércules, co seu potente faro que debuxaba tódalas noites fermosas imaxes no ceo anubado do mar dos Ártabros, iluminando os novos camiños da nova Galicia que estaba a espertar. E alí, fronte ao bravo mar do Orzán, o neno decide ser guieiro deses novos tempos e debuxa-las novas imaxes que o país necesitaba. Este suceso de importancia vital na sicoloxía do neno Luís Seoane, quedará testemuñado máis adiante, en 1944, cando edita o libro de debuxos *Homenaje a la Torre de Hércules*, verdadeira xoia da bibliografía contemporánea galega e universal.

Corría o ano 1920 e a familia trasládase a Compostela, onde Luís fai os seus estudos de Bacharelato no Instituto Xelmírez. Para aprender a debuxar asiste a unhas clases na Escola de Oficios Artísticos, pero alí o único que lle ensinan é a retra-las súas facultades, de maneira que será máis adiante, nos debuxos ao natural que facía con Carlos Maside na feira dos xoves de Santa Susana, ou no pórtico das Praterías da catedral, onde aprenderá a debuxar. El mesmo nolo ten recordado nalgunha ocasión: «O meu mestre e o de Carlos Maside, compañeiro meu durante tantos anos, foi a feira dos xoves en Santiago de Compostela. Iso por unha banda; por outra, o pórtico das Praterías. Alí se fundían os dous mundos: o das vangardas e o da tradición, a realidade e a arte. Debín de pintar máis de duascenas veces as figuras da porta das Praterías da catedral compostelana, e os xoves, Maside e mais eu iamos á feira e debuxabámo-lo que ollabamos, que era a realidade viva de Galicia, ou sexa: o que nos interesaba».

En Compostela —primeiro no fragor dos anos de loita contra a dictadura de Primo de Rivera, e despois nas expectativas esperanzadoras da nova situación política creada pola República— Seoane fórmase concienzudamente a nivel político, artístico e humano. O seu activismo na FUE, o seu traballo de animación cultural, os seus

ALFONSO REYES

### *Cantata en la Tumba de Federico García Lorca*



LUÍS SEOANE  
1937

Cantata en la tumba de  
Federico G. Lorca.



debuxos satíricos na prensa da época, e o seu labor profesional como avogado laboralista na Coruña, fálanos dun Seoane comprometido en corpo e alma con Galicia e cos novos tempos que había que conquistar. O combate polas ideas tiña comezado e non o abandonaría ata a súa morte.

Co golpe militar de xullo de 1936, Seoane —que salvara o pelexo agachándose nunha aldea próxima á Coruña— foxe a Portugal, embarcando en Lisboa no mes de setembro cara a Bos Aires. os ventos do combate e o compromiso devolvían ao seu fogar da emigración. Pero o xove loitador non desanima e nada máis chegar á Arxentina xa o temos ancamiñando os seus esforzos e o seu talento cara a causa da liberdade e de Galicia. O exilio non vai amedrentar ao recién desterrado, e a traxedia daralle forzas para principiar unha das traxectorias vitais máis excepcionais de cantas deu Galicia no século XX.

En Bos Aires Seoane levará a cabo unha fecunda tarefa de animación e renovación cultural en distintos campos: fundando editoriais, revistas e coleccións; pintando, debuxando e gravando; creando as novas formas que a cultura galega necesitaba para poñerse ao día, podendo así comunica-la súa presenza no mundo. Todo ese inxente labor desenvolvida por Seoane a partir do ano 1937 vai ser recoñecida non só na Arxentina, onde obtén os máis importantes galardóns artísticos, senón no mundo adiante, en Norteamérica e Alemaña, especialmente. En Galicia foron moi poucos os que se estaban dando conta da transcendencia da obra de Seoane, a

penas cinco ou seis amigos. E hoxe, a quince anos da súa morte, semella que o país comeza a decatarse de quen foi realmente este home dotado dunha vontade férrea e un talento fóra do común, que amou Galicia apaixonadamente e tentou converte-lo seu atraso e isolamento en materia para construír con ela unha das historias máis fermosas que podemos imaxinar.

Cando a partir de 1960 Luís Seoane comeza o seu lento e doloroso regreso a Galicia —no estranxeiro era unha gran figura e aquí un auténtico descoñecido—, foron moitas as actividades e moitos os proxectos que puxo en marcha, algúns deles da envergadura da operación restauradora de Sargadelos, ou da creación do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de maneira que cando a morte o sorprende o 5 de abril de 1979, estaba en plena madurez creativa e repleto de forza vital. Detrás deixaba unha vida posta ao servizo de Galicia da mellor maneira que un ser humano pode



servir ao seu país: loitando para supera-lo seu atraso e esforzándose por poñelo na súa época, e todo isto feito só por amor, sen o mínimo interese. Cousa esta moi difícil de imaxinar hoxe nesta sociedade materialista que adora o becerro de ouro e que ten a ganancia material como ensoño e solución para todo. Seoane viviu, loitou e creou antes do triunfo do diñeiro e o mercado libre que está hoxe a facer estragos en todo o mundo. A súa é una vida exemplar que debemos gardar e estudar, porque Galicia algún día terá que botar man dela para poder seguir existindo.